

TEMA 3.

Parte 2: A arte románica.

Índice

1

Introdución → páxina 1.

1. A arquitectura románica → páxina 2.

2. A escultura e a pintura → páxina 4.

3. Obras destacadas que recoñecer → páxina 5.

Introdución:

A **arte románica** desenvolveuse en **Europa Occidental** entre os séculos **XI** e **XIII**. Trátase dunha arte **rural**, o cal se corresponde co carácter rural do feudo. Así mesmo, non podemos esquecer do ambiente belicoso da época, que dá pé á construción de castelos, cidades amuralladas e igrexas-fortaleza. Neste momento, as obras de arte eran financiadas pola **Igrexa** no caso dos edificios relixiosos (igrexas e mosteiros), así como pola **nobreza**, que mandaba construír castelos e palacios. Os ingresos cos que se pagaban estas obras procedían, en boa medida, das **rendas feudais** que cobraban estes estamentos privilexiados.

Así mesmo, o románico é o **primeiro estilo artístico internacional** da **Idade Media**, xa que se trata da primeira arte unitaria que se estendeu por diferentes rexións da Europa cristiá occidental trala caída do Imperio Romano. O auxo dos **camiños de peregrinación**, como o de Santiago de Compostela, facilitou a difusión do novo estilo e cultura románicos.


1. A arquitectura románica

Entre as **características** formais das igrexas románicas, podemos destacar:

- Planta de **cruz latina**.
- **Muros grosos** e con pequenas fiestras.
- Utilización de **contrafortes** no exterior para reforzar os muros.
- Predominio da **pedra** entre os materiais empregados.
- Uso de **bóvedas de canón** e **arcos de medio punto**.
- Construción de **torres campanario** para vixiar e chamar á oración.

2


Elementos arquitectónicos máis importantes do románico:



Planta de
cruz latina




Contraforte




Bóveda de
canón



Arco de medio
punto





Exterior dunha igrexa románica:



3

Planta dunha igrexa románica:



Imaxe superior → Planta da Catedral de Santiago de Compostela.

Imaxe inferior dereita → Vista aérea da catedral.

2. A escultura e a pintura


A **escultura** e a **pintura** románicas cumprían dúas funcións principais:

- a) Unha é a función **didáctica**. As imaxes representadas tiñan como obxectivo **ensinar** a un pobo analfabeto os **pasaxes bíblicos**. Para iso, utilizábanse imaxes de diferentes episodios, especialmente do Antigo e do Novo Testamento. Isto é o que se coñece como *Biblia en pedra* (a través da escultura e da pintura, explícanse diferentes episodios sagrados).
- b) A segunda é a función **decorativa**. O interior da igrexa estaba decorado por esta clase de esculturas e pinturas. Os artistas medievais non deixaban apenas espazos libres cando esculpían ou pintaban os muros das igrexas; isto é o que se coñece como **horror vacui** (expresión en latín que quere dicir “medo ó baleiro”).

• PINTURA


➤ Características formais:


- Vista frontal, **hieratismo** ou rixidez das figuras, ausencia de movemento.
- Perspectiva **xerárquica**: as figuras represéntanse con distintos tamaños en función da súa importancia.
- Predominio do **debuxo** (trazos grosos pintados que rodean o contorno das figuras) e **cores planas**.



• ESCULTURA

- #### ➤ No románico, as esculturas realizadas en **pedra** acostumaban a localizarse nas **portadas** das igrexas, **columnas**, **pilares** e **capiteis**.






➤ Tamén se desenvolveron **tallas** relixiosas (da Virxe co neno, ou de Cristo crucificado) **en madeira** e **policromadas** (isto é, pintadas empregando diferentes cores).

➤ Igual que na pintura, destaca o **hieratismo** ou **rixidez** e **solemnidade** das figuras.


5

3. Obras destacadas que recoñecer

Interior da Catedral de Santiago de Compostela



Pórtico da Gloria (Catedral de Santiago de Compostela)



6

Fachada de Praterías (Catedral de Santiago de Compostela)




Pinturas de San Isidoro de León (*Anunciación ós Pastores*)



7

Pinturas da ábsida de San Clemente de Tahull (Lleida, Cataluña)



* Nesta imaxe represéntase un **Pantocrátor**: figura de Cristo sentado no seu trono, bendicindo cunha man e sostendo na outra o libro dos Evanxeos.